



PORTADA | GALIZA | HISTORIA RECENTE

O CONGRESO DAS MIL PRIMAVERAS

O I Encontro de Escritores, hai 30 anos

Afonso Eiré . Primeiro capítulo do recordo do primeiro Congreso de Escritores en Lingua Galega, momento de madurez da AELG. Hai 30 anos, os escritores querían facer literatura e construír país. As primeiras discusións foron ortográficas: lusismo ou oficialismo?

09.05.2011 | 09:12

TAGS: AELG, CONGRESO DE ESCRITORES, BERNARDINO GRAÑA, AFONSO PEXEGUEIRO,



Bernardino Graña e Maximino Castiñeiras, 'O poeta da Maía', xuntos nunha manifestación a prol do idioma galego na Compostela de comezos dos 80.

"Este I Encontro de Escritores en Lingua Galega, non só significa a autoafirmación das nosas letras e do noso idioma dentro das amplas coordenadas culturais do noso país, e do mundo universal formado polas diferentes culturas e pobos, senón un anovamento da nosa actitude literaria e de creación, e da nosa dialéctica do ser que se sabe que é nos espazos libres onde se atopa a atmosfera imprescindible e necesaria para sobrevivir e soñar".

Este era o saúdo aos escritores en lingua galega celebrado os días 2, 3 e 4 de maio de 1981 no mosteiro de Poio.

Un congreso ao que daquelas xa se lle deu enorme importancia, como se pode ver nas palabras coas que o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Bernardino Graña, pechou o congreso:

"Algún día aos nenos galegos se lles ensinará este 2 de maio como día da liberación da nosa cultura".

Graña falou tamén das "Mil primaveras máis para a lingua galega", lema do congreso, e afirmaba que este xuntoiro axudaría a que se cumprisen as arelas de Álvaro Cunqueiro.

Pero Graña fora máis alá aínda no seu discurso de inauguración ao pór de manifesto a importancia deste congreso e dos escritores "na toma de conciencia nacional de Galiza".

Pois neste congreso non se estaba a falar só de literatura, senón de nación, conformada por unha lingua propia, e da capacidade de decisión para que as arelas nacionais se fagan realidade, para que a lingua non desapareza e para que poida existir unha literatura galega e uns escritores galegos.

Así, ao longo de todas os relatorios e debates, tentábase deixar claro que o problema de lingua galega e dos escritores galegos "precisa dunha solución política que pase polo poder de decisión galego".

Afonso Pexegueiro, Secretario da AELG, e verdadeira "alma mater" do Congreso, en que caeu a maioría do traballo da organización, afirmaría na súa intervención de benvinda que o "rexurdimento dos pobos asoballados e o nacionalismo, son síntomas que manifestan a necesidade do cambio para sobrevivir: A lingua non pode ser allea. Este congreso vén dicilo así".

Foi, neste senso, un congreso cun claro contido nacionalista, pois os escritores galegos daqueles tempos, ademais de moi novos, eran case todos nacionalistas.

E os poucos que non o eran, non quixeron participar no congreso, até o punto que nos levaba a escribir que "están case todos os que son. Os que non quixeron dialogar, eles saberán por que".

Pero aínda dentro dos nacionalistas existiron diferenzas. Así, o relatorio de Xosé Luís Méndez Ferrín sobre "O escritor galego", foi en toda a súa extensión un claro ataque ao Bloque, pola súa "claudicación política" e pola súa postura lingüística de apoiar unhas normas diferentes ás do Instituto da Lingua.

Pois o debate normativo estivo tamén moi presente no Congreso entre "oficialistas" e "lusistas", como no segundo día, cando os relatorios sobre "o escritor e a lingua" deu lugar aos máis alporizados debates.

Os relatores serían Vitor Vaqueiro, Anxo Murado, Antón Santamarina e Xosé Ramón Pena, que chegou tarde, polo que o seu relatorio foi lido só en parte.

Na síntese pode dicirse que, se non existisen outras diferenzas máis alá das ortográficas, se podía chegar a un acordo, pero que detrás existían posturas políticas e mais egos e intereses persoais.